

ARCOIRIS DE LACASITOS

Para facer este pequeno truco caseiro, só necesitas:

- caramelos, lacasitos, m&ms, smarties...calquera tipo serve se está bañado en colorante alimentario.
- Un prato branco con algo de fondo
- Auga quente

Podes xogar primeiro a clasificar os lacasitos por cores, para facilitar logo a serie de cor que hai que facer no prato.

Coloca no borde do prato os lacasitos en círculo na orde que queiras, pero continuando unha serie de cores daraslle maior efecto.



Despois, só necesitas engadir auga quente amodiño no medio ata alcanzar os lacasitos. Espera uns segundos e...voilà!

Hipnótico e colorido, eh?